



**INAUGURACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR DO C.E.I.P. VÍCTOR SÁENZ (ANTES-MAZARICOS) A CARGO DO CATEDRÁTICO E INVESTIGADOR DE MEDICINA LEGAL DA U.S.C., D. ÁNGEL M<sup>a</sup> CARRACEDO ÁLVAREZ O MÉRCORES, DÍA 4 DE MAIO DE 2011.**

O noso centro, o C.E.I.P. Víctor Sáenz, foi un dos 79 centros seleccionados este curso dende a Consellería de Educación para formar parte do **PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES** cunha dotación económica de 5.300€ para a adquisición de fondos documentais, mobiliario específico, equipamentos audiovisuais e informáticos e gastos de funcionamento.

Despois de dous anos de enorme esforzo e moitas horas de dedicación por parte do Claustro deste centro, o mércores día 4 puidemos celebrar a inauguración da nosa Biblioteca Escolar. Para elo tivemos a grandísima sorte de contar coa inestimable presenza de D. Ángel M<sup>a</sup> Carracedo Álvarez, (*Catedrático e investigador de Medicina Legal da U.S.C. e Presidente da Sociedade Internacional de Xenética Forense*).

O acto deu comezo ás 12:45h., a ritmo da gaita de Raúl París de 6º curso e coa voz de Araceli Nieto, alumna de 6º que cantou a capela o tema "Alecrín". A continuación Julia Pereira, alumna de 2º curso, leu un poema de Pablo Albo.

Estes actos deron paso, á intervención do Director do centro, D. José Javier Sánchez Suárez, que coas súas verbas quixo agradecer a asistencia de todos os presentes, e a todos aqueles que fixeron posible que esta biblioteca chegara a ser o que é hoxe en día: á Dirección Xeral de Centros, á Asesoría de Bibliotecas Escolares, ao Foro colaborativo do PLAMBE, ao Concello de Mazaricos, aos Pais e Nais Colaboradores do Comedor Escolar, á ANPA, ao Persoal non docente, ao Claustro de Mestres e ao Equipo de Biblioteca do noso centro. Destacou a importancia do papel da biblioteca como centro de recursos para o aprendizaxe, facilitador da adquisición das competencias básicas e como medio compensador de desigualdades nun entorno rural, como o noso, tan falto de recursos culturais. Na nosa biblioteca, os rapaces atoparán libros para divertirse e disfrutar coa lectura, pero tamén para aprender a buscar información, para investigar e construír o seu coñecemento ao longo da vida. É por iso que trouxemos a un dos investigadores máis importantes do noso país.

A continuación tomou a palabra o Sr. Inspector de Educación, D. Eduardo Fernández, que valorou o gran esforzo realizado pola nosa Comunidade Educativa e destacou a importancia da biblioteca como centro neurálxico para á aprendizaxe nun colexio. Quixo tamén desculpar a presenza Xefa Territorial e do Inspector Xefe que non puideron estar connosco, moi ao seu pesar. Altas autoridades da Consellería de

Educación e do Concello de Mazaricos desculpáron tamén a súa presenza debido a que non poden participar en inauguracións en período electoral.

Entre os asistentes, ademais de alumnos, mestres, pais, nais, avós e resto da comunidade educativa, podemos agradecer a presenza dos/das directores/as, secretarías e outros encargados/as das bibliotecas escolares dos centros de Santa Comba, A Picota, Louro e Pino de Val, asesores do Centro de Formación de Profesores (CEFORE), antigos mestres do centro e veciños do lugar.

Tocáballe a quenda ao gran protagonista do día, D. Ángel M<sup>a</sup> Carracedo Álvarez que despois dunhas verbas de agradecemento, descubriu unha placa conmemorativa e anunciounos que donaría á nosa biblioteca un lote de libros infantís da súa biblioteca familiar. Un rapaz de infantil fíxolle entrega dun agasallo do centro, que o encheu de ledicia e gratitude. De seguido e para rematar este acto, D. Ángel firmou no libro de visitas da nosa biblioteca, quedando así inmortalizado o seu paso polo noso centro. Nel firmaron tamén algunhas das personalidades que ese día se deron cita neste evento.

Seguidamente (mentres os rapaces comían), o convidado ofreceu unha charla para os adultos, de aproximadamente unha hora, na que falou dos seus actuais traballos de investigación xenética centrados nos campos da Xustiza e da Medicina Clínica. Os asistentes quedaron abraiados escoitando como un científico do seu prestixio era capaz de explicar o seu traballo cunhas palabras tan sinxelas que todos eramos capaces de entender deixándonos a todos a sensación de querer estar escoitándoo todo o día !!! A charla rematou ás 14:30h., moi a pesar dos asistentes, momento este no que o convidado, acompañado do Sr. Inspector, membros do Consello Escolar, Claustro de Mestres e outros presentes, déronse cita no comedor do centro para degustar un menú especial (e igual ao que disfrutaran os rapaces momentos antes), nun ambiente moi agradable e familiar.

Para rematar este día, D. Ángel deu unha charla na biblioteca para os nenos de infantil e primaria, na que proxectou diapositivas feitas por el mesmo do fondo mariño, pois este curso estamos traballando nun proxecto interdisciplinar sobre o mar.

Entre preguntas inxeniosas e caras de asombro dos nenos ao contemplar esas maravillosas fotografías, e ante as cariñosas explicacións do noso persoeiro, ía rematando un día tan intenso como emocionante.

As mostras de cariño entre os asistentes e D. Ángel eran recíprocas, albiscando un sorriso perpetuo nas caras de todos os que tivemos a gran oportunidade de poder gozar deste día tan memorable.

Ao final do día, todo o claustro tivo a gran sorte de poder fotografiarse cun investigador tan renomeado. Ángel, pola súa parte, prometeu volver a visitarnos e nós

agardaremos con ansia volver a contar coa inestimable presenza de este gran investigador e mellor persoa e amigo.